

**28** DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE  
ABRIL E SAÚDE NO TRABALLO

Manoife Rastamán...2016

# AMEAANTO O XENOCIDIO SILENCIADO

Confederación Xeral do Traballo

[www.cgtgalicia.org](http://www.cgtgalicia.org)  
[www.rojoynegro.info](http://www.rojoynegro.info)



## ***“A desigualdade de trato ante a vida e a saúde laboral: o xenocidio “silenciado” de centos de miles de persoas afectadas polo amianto”***

A declaración dos dereitos universais da ONU, están asumidos e instituídos pola maior parte das Constitucións dos países do mundo occidental. As mesmas declaran como dereitos fundamentais ou inalienables de todos os seres humanos **o dereito á vida, o dereito ao traballo, o dereito á saúde e o dereito a unha vivenda digna.**

A constatación que facemos é que non existe a igualdade proclamada constitucionalmente: **centos de miles de persoas, traballadoras de todos os sectores da produción e da distribución, do mesmo xeito que gran parte da poboación, foron sometidas a un trato “criminal” e premeditado de lesión e deterioración da súa saúde polo feito de traballar e coexistir cun produto “asasino”, o AMIANTO.**

**Os empresarios e as institucións públicas tiñan constancia, desde os anos 40 do século pasado, de que o AMIANTO era perigoso e que causaría enfermidades graves, moitas delas con resultado de morte e, de maneira premeditada, permitiron ata o ano 2002 no estado español que fóra utilizado como un factor de produción barato, sen importarlles un pemento as consecuencias sobre os dereitos fundamentais de millóns de persoas, na vida e a saúde.**

**A desigualdade tamén se mide na sinistralidade, a dor e a morte.** A protección dos dereitos dos traballadores e traballadoras é un deber inalienable que os empresarios e as Administracións Públicas, teñen que cumprir.

A quebra deste deber de protección produciuse desde o momento no que as Administracións Públicas permitiron -e permiten- aos empresarios, incumplir as lexislacións laborais protectoras dos dereitos á saúde, así como permitiron -e permiten- que o Mercado e os seus mercadores, utilicen produtos nas nosas vivendas, nos elementos cotiáns da vida (calefacción, aires acondicionados, estufas, quentadores, etc.) que nos condena a unha mala saúde física e ambiental, todo a maior gloria dunha minoría da poboación, rica, poderosa, plutócrata en nome dunha competitividade, que deteriora e, quizais destrúa, as bases sociais, económicas e ambientais da vida.

**Desmantelada a rede protectora, a impunidade é quen rexe as relacións laborais e por extensión, as sociais. A violencia exercida sobre os dereitos humanos fundamentais, constitúese como a “lóxica máis normal” da vida e o cotián.**

Isto só é posible, non só pola “alianza histórica” entre as oligarquías, os poderosos e os seus representantes políticos, senón que a ausencia da loita dos de abaixo, dos menosprezados e menosprezadas, permite a súa impunidade, a súa invisibilidade e a dor, a morte e o desprezo polos dereitos humanos fundamentais.

Para CGT, a recuperación da VERDADE, é dicir, poñer en lugar preferente o “crime e o xenocidio” que supuxo e supón producir e distribuír mercadorías cun elemento daniño para millóns de persoas, como é o AMIANTO, é un paso imprescindible para que empresarios e Institucións Públicas asuman as súas responsabilidades civís, penais e administrativas.

E ademais, esiximos que **SE REPARE O DANO CAUSADO**, recoñecendo que todas as persoas que traballamos e sufrimos o AMIANTO temos dereito a ter un trato específico na vixilancia e protección da saúde, cos mellores medios existentes na actualidade, que se **INDEMNICE** polo dano causado e que se recoñezan os **COEFICIENTES REDUCTORES** na xubilación de maneira xeral para toda esta poboación.

A “lei do mercado” funciona como unha máquina trituradora de dereitos e de vidas e, as mortes, enfermidades e accidentes que causa esa “lei”, ten responsables con nome e apelidos: os empresarios, os seus xerentes, os seus directivos e os políticos e lexisladores.

**XUSTIZA, REPARACIÓN E CONDENA AOS RESPONSABLES**



**CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO**

[www.cgtagalicia.org](http://www.cgtagalicia.org)

[www.rojoynegro.info](http://www.rojoynegro.info)